

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España - Portugal



PROXECTO POCTEP

ALDEALIX_ALDEAS MODELO

Integración da biomasa nun modelo produtivo local
mediante unha Comunidade Enerxética
Infesta (Monterrei)

Interreg
España - Portugal



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia



PROXECTO POCTEP

ALDEALIX_ALDEAS MODELO

Integración da biomasa nun modelo
produtivo local mediante unha
Comunidade Enerxética
Infesta (Monterrei)

BENEFICIARIO PRINCIPAL



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL

SOCIOS



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL



CONCELLO DE
CERDEDO-COTOBADE



CONCELLO DE
MONTERREI



MUNICIPIO
ARCOS DE VALDEVIZ



MUNICIPIO DE
VILA POUCA DE AGUIAR



Alto Tâmega
e Barroso
Comunidade Intermunicipal



O uso da biomasa nas comunidades enerxéticas locais

Caso aplicado á aldea
de Infesta (Monterrei)



O proxecto Aldealix.eu está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa Interreg VI A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027



SOCIOS



aldealix.eu

O proxecto ALDEALIX, financiado polo Programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, é un proxecto que pretende achegar ao rural o impulso da transición enerxética cara a un modelo sostible, implicando no proceso á cidadanía mediante a creación de **Comunidades Enerxéticas Locais**.



- O modelo enerxético proposto polo proxecto ALDEALIX, baséase na creación dunha rede de calor, alimentada por **biomasa** procedente dos montes da contorna non aproveitables noutros procesos produtivos.
- Coas **redes de calor** do proxecto ALDEALIX xérase enerxía térmica para queantar vivendas ou edificios públicos.

Estanse a desenvolver **4 proxectos piloto** na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que servirán como modelo para outras entidades e municipios interesados na implantación desta solución enerxética local e sostible.

- Infesta (Monterrei).
- Tresminas (Vila Pouca de Aguiar).
- Cerdedo (Cerdedo-Cotobade).
- Lugar de Souto da Lama, São Jorge e Ermelo (Arcos de Valdevez).


Na situación de transición enerxética actual, a procura da sostibilidade é esencial. Neste marco, a **grande masa forestal** da Eurorrexión e máis a **tradicional xestión comunitaria** do monte, facilitan o uso da biomasa e a creación de sistemas de cooperación para a obtención de enerxía sostible. Acádanse con iso grandes obxectivos:

- Loita contra o cambio climático.
- Creación de emprego local estable.
- Prevención de incendios forestais.
- Seguridade na subministración de enerxía.
- Redución do consumo de enerxía fósil.
- Mitigación da pobreza enerxética.
- Implicación da cidadanía.
- Valoración dun recurso local.

COMO FUNCIONA UNHA COMUNIDADE ENERXÉTICA: O CASO DE INFESTA

As Comunidades Enerxéticas son agrupacións organizadas de persoas, empresas ou administracións implicadas activamente na obtención e uso de enerxía renovable **a nivel local**. Así, os recursos enerxéticos xestionáanse dun xeito máis eficiente e colaborativo, con **beneficios** económicos, sociais e ambientais para a comunidade e a contorna.

● A Comunidade Enerxética de Infesta, baseada en biomasa local, está xestionada por unha cooperativa para abastecer vivendas que comparten unha rede de calor, cunha **pequena caldeira comunitaria** de estela para a xeración de calor e máis unha **rede de tubaxes de distribución** que a leva ata os puntos de consumo. Así funciona:



- Vivendas de Infesta inicialmente adscritas á rede de calor alimentada por biomasa do proxecto ALDEALIX
- Edificio da caldeira colectiva
- Tubaxe de distribución da rede de calor

- 1 RECURSOS NATURAIS: biomasa local dos montes veciñais en Mán Común
- 2 ESTELAS de biomasa local
- 3 EDIFICIO DA CALDEIRA COLECTIVA: queima estela e xera auga quente
- 4 DEPÓSITO: garda a auga e a mantén quente
- 5 DISTRIBUCIÓN á comunidade pola rede de tubos soterrados, con sección dun tubo de distribución (a súa capa de illamento minimiza as perdas de calor)
- 6 VIVENDAS con subestación de intercambio (regula a presión da auga e evita que un problema nunha vivenda afecte á distribución)

A REDE TÉRMICA DE INFESTA

No ano 2024 ponse en marcha na aldea de Infesta o proxecto ALDEALIX, financiado polo Programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.

● Trátase de implicar á cidadanía nun modelo enerxético sostible, mediante a creación dunha Comunidade Enerxética Local. O modelo prantexado polo proxecto ALDEALIX está baseado nunha **rede de calor** alimentada por **biomasa** da contorna, que xerará calor para queantar as vivendas adscritas á Comunidade Enerxética.

A COMUNIDADE ENERXÉTICA LOCAL


A Comunidade Enerxética de Infesta foi a primeira en constituirse, no marco do proxecto Aldealix, consolidando así o compromiso co desenvolvemento de comunidades enerxéticas baseadas en biomasa no ámbito rural.

Na reunión dos veciños celebrada o 31 de xullo de 2024 aprobouse a constitución dunha Cooperativa, que xestionará a rede térmica cumprindo deste xeito o principio de gobernanza das comunidades locais.



A CALDEIRA

O **edificio da caldeira** de Infesta é o corazón do sistema enerxético baseado na biomasa local. Aquí quéimanse as estelas para queantar a auga, que se distribuirá despois polas tubaxes da rede de calor ata as vivendas.



- 1 Estela de biomasa de orixe local
- 2 Rampla mecánica
- 3 Caldeira
- 4 Multiciclón (para redución de emisións)
- 5 Cinceiro
- 6 Tubaxe da rede de calor

● Coste das instalacións:
780.124 €